




## **PROPOSTA DE TRABAJO DESTA SEMANA ( 27 ao 30 de abril)**

**ETAPA:** Educación Infantil (3 anos)

### **RECOMENDACIÓNS:**

A continuación propongo unha serie de actividades ou retos diarios que vos poden servir de guía durante esta semana. Son actividades que podedes organizar e adaptar ás vosas posibilidades de material, tempo, etc.

# **1º RETO DA SEMANA:**

VAMOS A XOGAR A SER DETECTIVES



Peques imos a comezar a semana xogando a ser detectives! Necesitamos estar moi atentos e atentas para atopar pola vosa casa obxectos que teñan a forma de círculo e forma cuadrada. Pero ollo! Necesitamos varios obxectos circulares e só un cuadrado. Seguro atopas un montón! Ánimo peques! Aquí tedes un exemplo:



## **2º RETO DA SEMANA:**

### HOXE ESCOITAREMOS O CONTO E CELEBRAMOS O DÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA

Hoxe vemos un conto no seguinte ligazón que se titula “Por cuatro esquinitas de nada”:

<https://www.youtube.com/watch?v=p0AvGJshT5Q>

Unha vez visto pódese falar sobre que figuras aparecen neste conto? Se lle gustou o conto? Que farían eles se fosen os redonditos? Como se sentirían se fosen cuadradito? Etc.

Este conto empeza con cuadradito xogando cos seus amigos redonditos e hoxe 28 de abril celebrábase o **Día Mundial da Actividade Física na rúa**, pero este ano debido ao confinamento lévase á casa, polo que hoxe propoño mandarnos fotos onde os peques estén facendo algún tipo de actividade física ou xogo na casa. Poño algún exemplos...quen serán? Pois hoxe toca facer actividade física (bicicleta, patinete, bolos, globos, etc)



UN CIRCUITO CON MATERIAIS DIFERENTES



**HOXE ANIMÁDEVOS A  
ENSINARNOS O VOSO XOGO!**

## **3º RETO DA SEMANA:**

HOXE VAMOS A XOGAR A SER  
CONSTRUCTOR@S DA CASA DOS REDONDIÑOS



Peques os redonditos tiñan unha casa na cal a porta era redonda e cadradiño non collía verdade? Nós hoxe imos construír unha casa grande coas cousiñas que teñades pola casa...por onde empezamos? Facémoslle ventas? Cantas? E a porta? Redonda ou cadrada? Poido decorala?! Que bonitas vos van a quedar! Pódense facer en vertical ou en horizontal. Despois pódese facer un debuxo da construción que fixemos. Ánimo meus constructor@s!



## **4º RETO DA SEMANA:**

HOXE TOCA SER COCIÑEIROS E COCIÑEIRAS!

A semana pasada estivemos axudando a poñer a mesa e hoxe vamos a ser uns cociñeir@s moi especiais porque para cociñar a nosa ensalada vamos a necesitar un papel e ceras ou rotuladores de cores! Sí, sí, porque imos facer unha ensalada de círculos! Mirade a receita e consiste en ir realizándoa con diferentes cores (a adulto vai lendo e o peque vai realizándoa, e pódese facer primeiro no aire co dedo e despois pasar ao papel)

### RECEITA DE ENSALADA DE CÍRCULOS:

- 1 círculo grande.
- 2 círculos medianos
- 3 círculos pequenos.
- 1 círculo con 4 puntos dentro.
- 2 círculos con raias dentro.
- 3 círculos coloreados doutra cor.
- Un montón de puntiños de cores por todo o prato.



NOMBRE: \_\_\_\_\_